

## Acta da Comisión Permanente do día 17 de febreiro de 2021

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 17/02/2021.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 17/02/2021.
- III. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira convocatoria.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 27 de outubro de 2020 e extraordinaria celebrada o 13 de xaneiro de 2021.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas das dúas sesións anteriores.

2. **Aprobación, se procede, de recoñecementos/validación/adaptación de materias.**

Non hai ningunha solicitude.

3. **Aprobación, se procede, doutras solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de ampliación de matrícula, solicitudes de matrícula a tempo parcial, etc.**

Non hai ningunha solicitude.

4. **Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuadrimestre do curso académico 2020/2021.**

A Presidenta sinala que este ano, a pesar das circunstancias, habilitouse o procedemento como todos os anos. Aclara que se achegaron menos solicitudes das habituais, entre outras cousas polas dificultades das empresas para garantir as condicións necesarias. A continuación comenta a táboa e aclara que se incorporou unha saída correspondente aos viaxes de estudos das titulacións do centro aínda que parece pouco probable que se poidan levar a cabo debido ás restricións pola COVID-19. Ademais, sinala que as datas son orientativas para formalizar a solicitude da saída.

N.	Materia	Titulación	Destino	Nº previsto de alumnos	Data prevista da viaxe
1	Rochas industriais e ornamentais + Enxeñaría de Explosivos	Grao ERME + Master en Enxeñaría de Minas	Ferrol (A Coruña)	24	16/03/2021

2	Rochas industriais e ornamentais + Loxística s Servizos Mineiros	Grao ERME	O Porriño (Pontevedra)	24	16/03/2021
3	Rochas industriais e ornamentais + Enxeñaría de Explosivos	Grao ERME + Master en Enxeñaría de Minas	O Porriño (Pontevedra)	24	20/04/2021
4	Materias de 3º e 4º dos Graos – Viaxe estudos	Grao ERME + Grao EE	Oviedo	25	26-29/04/2021
5	Todas as do Master – viaxe de estudos	Master en Enxeñaría de Minas	Itinerario por varias provincias	20	6-11/06/2021

Apróbase por asentimento o calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudos para o segundo cuadrimestre do curso académico 2020/2021.

**5. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG, que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.**

A Presidenta amosa as solicitudes achegadas e as composicións dos tribunais (3 do GERME e 4 do GEE). Todas elas cumpren os requisitos formais para a defensa. Propón delegar na Directora a composición definitiva dos tribunais porque está pendente a confirmación dun dos membros propostos.

Apróbase por asentimento a configuración dos tribunais.

**6. Rogos e preguntas.**

A Presidenta comenta a orde da Consellería do 15/02/2021 na que se indica que a docencia non presencial se retomará o 1 de marzo e comenta o procedemento de cribado masivo do alumnado e do PDI.

Carmen Pérez pregunta se se sabe se os servizos de cafetería e comedor abrirán o 1 de marzo. A Presidenta responde que os decanos e directores de centro solicitaron ao Reitor a súa apertura pero aínda non teñen resposta.

Santiago Domínguez pregunta acerca das bibliotecas. A Presidenta di que espera que na próxima Resolución Reitoral se indiquen as pautas. Lembra que na última Resolución Reitoral, que xa foi trasladada ao alumnado e que a día de hoxe segue vixente, se incluía unha variación en relación ao acceso ás bibliotecas do alumnado de TFG e TFM.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 17 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a dezasete de febreiro de dous mil vinte e un.

Vº e Prace  
A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

## ANEXO I

**Convocatoria da Comisión Permanente do 17/02/2021**

## ANEXO II

**Asistentes á Comisión Permanente do 17/02/2021**

<b>Asistentes á Comisión Permanente do 17 de febreiro de 2021</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
Elena Alonso Prieto
<b>Secretario da Comisión</b>
Guillermo García Lomba
<b>Subdirector/a</b>
Francisco Javier Deive Herva
<b>Profesorado</b>
Pablo Eguía Oller
Elena González Rodríguez
M <sup>a</sup> del Carmen Pérez Pérez
María Teresa Rivas Brea
<b>Estudantes</b>
Marta María Caride Pérez
Santiago Domínguez Blanco
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

Escusa a súa ausencia Alfonso Mandado Vázquez.

## ANEXO III

**Tribunais de TFG que xulgarán os traballos  
presentados nesta vindeira convocatoria**